

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 17 DE DECEMBRO DE 2015

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dezasete de decembro de dous mil quince, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para as vinte horas de dito día, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D.Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora acetal.: D^a María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar o asunto que figura na orde do día.

Único.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS RESPECTO AO EXPEDIENTE DE ORDENANZAS DE INGRESOS PARA 2016 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE.

(No debate do asunto auséntase e reincorpórarse Dna, Alicia Cadarso Palau)

O Sr.Alcalde expón a proposta que se somete ao Pleno. Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido sobre dita proposta pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de outubro de 2015 aprobou provisionalmente o expediente de establecemento e modificación de ordenanzas fiscais, modificación de ordenanzas reguladoras de prezos públicos e a derogación da ordenanza fiscal para o exercicio 2016. Durante o prazo de exposición pública do

expediente, presentáronse 61 reclamacións, contra a modificación provisional do tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobilés de Natureza Urbana, establecido provisionalmente no 0.605%.

Vistas as alegacións presentadas e visto o Informe emitido pola Interventora municipal de data 14 de decembro de 2015,

Logo de comprobar o artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

O Pleno, por doce votos a favor da proposta (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- DESESTIMAR as reclamacións formuladas en base as argumentacións recollidas no Informe da Intervención Municipal.

SEGUNDO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE o establecemento, modificación de ordenanzas fiscais, modificación de ordenanzas reguladoras de prezos públicos e derogación da ordenanza fiscal para o exercicio 2016, quedando os preceptos modificados e actualizados coa mesma redacción que a aprobada inicialmente por acordo Plenario do día 26 de outubro de 2015.

TERCEIRO.- Proceder á publicación íntegra do texto do establecemento, modificación de ordenanzas fiscais, modificación de ordenanzas reguladoras de prezos públicos e derogación da ordenanza fiscal para o exercicio 2016, mediante anuncio que inserirá no Boletín Oficial da Provincia.”

No debate producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é un pracer contar cun público que normalmente non nos acompaña. Invitados quedan a que veñan a outros Plenos. Esperta Monforte gusta da presenza de persoas e asociacións. No Pleno en que se aprobaron provisionalmente as Ordenanzas, preguntamos polas liñas do orzamento. Respondéronos que primeiro eran as Ordenanzas. Estamos por uns orzamentos participativos e sociais. Tamén preguntamos por algúm acto informativo referente ao catastro, xa que se estaban movendo diversas informacións ao respecto. Desvirtuou o Alcalde a nosa exposición ao responder, sabíamos que non había a taxa e outras cousas dos Concellos do arredor. Queremos que os cidadáns paguen o menos posible, pero queremos servizos. O apartado 5º do informe de Intervención refírese á reforma da Lei Hipotecaria, en vigor dende xullo de 2015, sobre os solos urbanizables non desenvolvidos. Cando se leve a efecto iso, os ingresos van disminuír. Non temos Plan Xeral. Escoitei neste lugar ao Alcalde anterior e algúns dos agora presentes, como o representante da Confederación de empresarios de Lugo, o da Asociación de construtores ou o da Asociación de veciños das Malloadas, no

Consello Económico e Social no que se falou dun compromiso firme de que cunha apostila se levase o Plan Xeral adiante. Ningunha das persoas –e outras que citáronse interveu para aproveitar o traballo xa feito e que se tirou.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se debate a proposta de desestimación das reclamacións dos veciños, todas contra o mantemento do tipo do IBI dos dous últimos anos. Son 61 alegacións, de particulares e de colectivos, representando estes a un número importante de persoas. Primeiro subiuse o tipo para o Plan de axuste do pago a provedores. Despois, por prórroga na normativa estatal para quen non tivese aprobada unha nova ponencia de valores; este Grupo dixo que se mirase a revisión de valores. Chegamos a 2016, xa nada condiciona, os Concellos son quen de manter ou rebaixar os tipos. A subida é importante porque xunto á subida dos tipos está a revisión da situación catastral, o que deu lugar a incrementos moi importantes das contribucións. Pon o exemplo dun recibo que subiu 1.000 euros en 4 anos. Non é a revisión global, pero si unha inspección revisora. Fixemos unha emenda agora que o Concello está máis saneado, porque é o momento de moderar o tipo impositivo do IBI. Non fomos quen de ter apoios para a nosa proposta, informamos da exposición pública e os veciños libremente presentaron alegacións. Nós estamos por estimalas. Como a posición maioritaria é dun tipo de IBI do 0,42, esa é a que defendemos.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que quere aclarar que non hai subida do IBI para 2016. Votamos a favor porque non hai maior presión fiscal. Os recibos son iguais a 2015 e 2014. Díganos, Alcalde, se hai algunha letra pequena como no ano 2012 cando o goberno do PP levou o tipo ao 0,60, porque se a hai, poderíamos rectificar o sentido do voto. A revisión é respecto á bolsa de fraude dos que non estaban declarados, a quen por lei se lles cobra os catro anos últimos, os ingresos hai que dividilos por catro para ver a contía anual. Cando saibamos que o Catastro sube os valores catastrais, será o momento de rebaixar, e aí pediremos o axuste á baixa. O Catastro cobra por alta 60 euros noutros Concellos. En Monforte, grazas ao convenio de 2008, non se cobra. As baixas teñen que ir acompañadas de recortes en gastos, que diga o PP en qué, coa súa experiencia en recortes. Entendemos a preocupación vecinal polo incremento da presión fiscal, pero nós fraccionamos o cobro, e no 2012 obrigousenos a ir do 0,42 ao 0,50, e despois ao 0,60, por imposición do goberno do Estado. Cando más necesidades tiñan os veciños, más tiveron que pagar; agora que segundo o PP, España vai mellor, é cando se pide a baixa do imposto.

Do Sr. Alcalde, D.José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que expresa en primeiro lugar a solidariedade co Sr. Rajoy e o rexeditamento de calquera tipo de violencia, en nome de toda a Corporación de Monforte. Di que espera coherencia co votado en outubro pasado, tres Grupos a favor, o PP abstívose, ningún partido en contra. Por iso sorprende a campaña posterior. Calquera partido ten dereito a facer campañas, pero non a terxiversar. O IBI subírono Rajoy e Montoro. Do 0,42 ao 0,60, co Decreto-lei 20/2011, e ao 0,605, co art. 8 da Lei 16/2013. O PP subiu o IBI o 44%, esa é a realidade. O IBI subiuno o PP, pero chamaban ladróns a Severino e a Tomé, no meu caso sen gobernar. Onde goberna o PP, en Bóveda (0,77), en Pantón (0,66) e no Saviñao (0,636), o tipo é máis alto que en Monforte, só Sober (0,50) o ten menor. De catro

Concellos do PP, tres están por riba de Monforte. Din que o baixan, pero non é verdade. Pantón anúnciao en prensa, pero non o fai, di que sería para o 2017. Como teñen revisión de valores, multiplícase o imposto. Monforte renunciou á revisión de valores catastrais. O Catastro vai facer o que facía o Concello, dar altas dos que non están dados, vaise contra a bolsa de fraude. Pon o exemplo do seu piso, e compara o IBI de Monforte co que resultaría nos Concellos veciños, pasaría de menos de 200 euros, a máis de 200, agás en Sober. De acordo con non cargar de impostos ao pequeno empresario, ao traballador, etc., pero foron vostedes (PP) quen subiron o IBI. Le a última parte do informe de Intervención, onde di que é acorde coas disposicións legais vixentes e conveniente para manter o saneamento da facenda local.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que ten dedicado moito tempo, e seguirá facendo, para defender os servizos públicos. Á suba do IBI, obrigou o Partido Popular. Serviu para devolver préstamos á Banca. Nós non aprobamos os orzamentos, por non estar de acordo co maior importe para as festas. A favor de incrementos de gasto, se son a favor dos veciños. Esperta Monforte non vén a rabuñar votos, senón a ser responsables. Se queremos servizos, hai que ser responsables. Mantemos o voto de outubro e pedimos o compromiso de gastar en favor dos veciños. A Interventora di que non é posible a baixa. Imos desestimar as reclamacións por responsabilidade. O dano de que vaia haber solo rústico por non ter Plan Xeral, é responsabilidade de quen non favoreceu que houbese Plan Xeral.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que menos mal que hai persoas que coñecen o Plan de axuste. A subida do IBI no Plan de axuste foi para pagar a provedores. Os dous –BNG e actual Alcalde- estiveron de acordo. Non foi o PP, foi a xestión económica do goberno municipal. Producíuse a prórroga para 2014 porque non foron quen de revisar os valores catastrais. Nalgún momento haberá que facelo. Unha casa construída en 1995 ten un valor como se a casa tivese un ano, pero realmente ten 20 anos. Unha casa de 20 anos está valorada como se fose nova. É un prexuízo sobre todo en lugares como este, con moitas casas antigas. O Catastro cóbralle 60 euros aos veciños, tamén o fan vostedes pedíndolles documentos que lles van custar máis. En Santiago, o PSOE estivo contra un goberno que non o quería rebaixar. Manteno para ter 200.000 euros máis para o orzamento. (189.000, di o Sr. Alcalde). Vale, 189.000. Se non queren considerar o que reclaman os veciños, punto e xa está. A abstención do PP foi porque había bonificacións e outras cousas a apoiar, pero a abstención foi precisamente polo tipo do IBI.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o Real Decreto-lei 20/2012, do que se refire ao título, foi de medidas urxentes que puxeron ao IBI no 0,60 en 2012 e 2013. Coa Lei 16/2013, pasou en 2014 ao 0,605. Dígase o que se diga, foi o goberno do PP o que subiu o coeficiente do IBI. Xustificarase “porque nos vimos obrigados”, “por seriedade”, etc. Vostede (PP) non quere falar daquel momento, será para aproveitar a circunstancia das próximas eleccións. Non hai quen entenda que apoie as subidas do seu partido, e agora a presumir do que non é. Non vai ser o mesmo o coeficiente sobre o valor cando este suba, será nese momento cando haberá baixa do coeficiente. Onde ve recuperación económica en Monforte e a súa repercusión nas arcas municipais? Será

SECRETARIA

cando a Dirección Xeral do Catastro revise o valor catastral dos inmobilés, cando seremos responsables e defenderemos a rebaixa do tipo do IBI. Agora non se está revisando, senón dando de alta a quen non o está.

Do Sr.Alcalde, que di que non hai ningunha letra pequena. Revisar a ponencia de valores levaría a subir enormemente os valores porque o catastro vai aos prezos do mercado. O PP practica o populismo que critica aos demás. Estamos en período electoral, non lle preocupan os intereses de Monforte. Sinto que algún que firmou leva 15 anos sen convocar a Asemblea e sen funcionamento democrático. Sinto que lle entrase ao trapo. Hai 134 asociacións rexistradas no Concello, só 7 están facéndolle a vostede o xogo. Chamáronme tres persoas para dicirnos que presentaban o escrito por compromiso. Outros son servís do Partido Popular. A nosa proposta é clara: o IBI está onde o puxo o PP. Para manter servizos, facer investimentos, cumplir o período medio de pago, hai que manter o IBI. Se recortamos ingresos, qué outros ingresos subimos ou qué servizos e investimentos reducimos. Iso é o difícil. Iso non se fixo. En tanto non se faga, espero coherencia co votado en outubro, amparado no informe de Intervención.

(A portavoz do PP reclama intervir por alusións, e pide o pronunciamento do Sr.Secretario, ante a negativa do Sr.Alcalde, que considera que non hai alusións a quen está no debate, e non accede ao que pide).

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e cincuenta e seis minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

